



## MEMORIA DECLARACIÓN

Artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 do xaneiro, de transparencia e bo goberno.

### **CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DE IGUALDADE E BENESTAR E O CONCELLO DE A LAMA PARA O FINANCIAMENTO DO ACONDICIONAMENTO DA CONTORNA E ADQUISICIÓN DO MOBILIARIO EXTERIOR DO CENTRO DE DÍA E FOGAR RESIDENCIAL DO CONCELLO DE A LAMA**

O xerente do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar

#### **DECLARA:**

Que este Consorcio ten previsto formalizar co Concello de A Lama o instrumento fundacional arriba referido por un período de vixencia que abrangue desde a data de inicio de vixencia do convenio ata o 31 de decembro de 2025.

Que o instrumento conxugal ten por obxecto:

Establecer as bases de colaboración entre o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar e o Concello de A Lama para o financiamento acondicionado da contorna e a adquisición do mobiliario exterior do Centro de Día e Fogar Residencial do Concello de A Lama, co fin de convertelo nun lugar seguro e cómodo para as persoas maiores que fagan uso deste servizo.

Para este financiamento o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar realizará unha contribución máxima de 68.571,80 euros, e as cantidades executadas que excedan da achega do Consorcio serán por conta do Concello de A Lama.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

O Concello de A Lama adheriuse ao Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e





Benestar por medio de Convenio asinado o 2.1.2008, e conta cun Fogar Residencial e Centro de día, sito no lugar de Pedreira s/n, cuxa apertura foi recentemente autorizada pola Consellería de Política social e Igualdade.

O referido inmovible de titularidade municipal, destinado a Fogar Residencial e Centro de Día, está totalmente equipado e en condicións de ser utilizado, se ben a súa contorna non se atopa en boas condicións e precisa da dunha serie de actuacións para converterse nun lugar seguro e cómodo para as persoas usuarias de centro.

Co fin dotar ao Centro de Día e Fogar Residencial do Concello de A Lama dunha contorna segura para as persoas usuarias, resulta necesario acometer as obras necesarias para o seu acondicionamento, así como adquirir o mobiliario exterior. Todo isto, co fin posibilitar unha adecuada atención ás persoas maiores que sexan usuarias deste centro, mellorando unhas instalacións nas que se ofrece unha alternativa de convivencia que mantén ás persoas maiores dentro do seu propio entorno, proporcionándolles unha atención integral adecuada ás súas necesidades.

Tendo en conta que o concello non dispón dos medios económicos necesarios para a realización das obras se precisan no inmovible de titularidade municipal destinado á Centro de Día e Fogar Residencial, cómpre desenvolver a colaboración interadministrativa necesaria para o financiamento destas actuacións, posibilitando así unha mellor calidade na atención que se presta no devandito centro.

Considérase polo tanto idóneo o financiamento destas actuacións necesarias para a mellora do centro municipal nos termos expostos, co fin de acadar unha mellor atención ás persoas maiores que sexan usuarias do referido centro do Concello da Lama, prestando un servizo público de calidade, para o cal é necesario unir e coordinar os esforzos e recursos de ambas as dúas administracións.

Por todo o exposto, existe un evidente interese público de colaborar no desenvolvemento das actuacións descrita, considerando o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar que a necesidade destas actuacións e o interese





común de posibilitar unha contorna segura e cómoda as persoas usuarias do Centro de Día e Fogar Residencial do Concello de A Lama, xustifica a utilización do instrumento convencional para o financiamento das actuacións descritas, baseándose no disposto nos artigos 19.4 e 26º.2.a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

O convenio de colaboración terá data de vixencia dende a data da súa sinatura e ata o 31 de decembro de 2025, sen prexuízo de que as actuacións obxecto de financiamento do convenio sexan as executadas a partir do 1 de xaneiro de 2025. Neste sentido, a extensión da posibilidade de financiamento ao abeiro do convenio das actuacións executadas a partir do 1 de xaneiro de 2025 considérase axeitada e fundamentada legalmente, segundo o disposto no artigo 39 da Lei 39/2015 do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas que establece *"excepcionalmente poderá outorgarse eficacia retroactiva aos actos cando se diten en substitución de actos anulados, así com cando produzan efectos favorables para o interesado, sempre que os supostos de feito necesarios existiran na data á que se retrotraia a eficacia do acto e esta non lesione dereitos ou intereses lexítimos doutras persoas"*.

O Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar achegará ao Concello de A Lama para a realización das actuacións descritas un importe máximo de 68.571,80 euros, con cargo á partida 08.90 311A 760.00 dos orzamentos do Consorcio para o ano 2025.

Os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2.





da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria en Santiago de Compostela.

O xerente do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar

Perfecto Rodríguez Muíños

